



Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/7566/2023 20/04/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 MJIB	Documento 10817I0477	
Código de verificación  4Y27 4C3M 422W 6X63 1BPN	Expediente 108/2023/633	
	Data 14-04-2023	

Asunto: Cobertura en comisión de servizos do posto de conserxe CIM do Servizo de Igualdade e Diversidade (ref. posto 1528).

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A xefa do Servizo de Igualdade e Diversidade co conforme da directora da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, no informe de data 17/03/2023 e número de verificación 240X48392I501G2P0EC6, remite ao servizo de RR.HH. unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de conserxe do CIM (Servizo Igualdade e Diversidade), nº referencia 1528 da RPT.

Dita cobertura temporal do posto de traballo solicítase debido ao actual volume de traballo no Servizo de Igualdade e Diversidade o que fai imprescindible a cobertura do posto para poder atender as necesidades do servizo, nomeadamente as derivadas da atención directa ás usuarias do Centro de Información á Muller, e as do resto do servizo así como prestar apoio en momentos puntuais ao resto da área.

Segundo.- Con data 22 de marzo de 2023 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada pola Xefa do Servizo de Igualdade:

- Conserxe do CIM (Servizo Igualdade e Diversidade), nº referencia 1528.

No citado anuncio, indicase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúna os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que quixera participar nesta convocatoria, deberá presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.	FP	Adm.
Igualdade	IG1100	Cent. E Prog. IG	1528	Conserxe CIM	AP	14	AX/AE	FR01 TC AP1	C	AY

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 1528, de conserxe do CIM do Servizo Igualdade e Diversidade, actualmente atópase vacante e non ten reserva legal.

Segunda.- O Xefe de Servizo de Recursos Humanos, co conforme do Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, con data 12/04/2023 e código de verificación 3I3P705E2W1Q5C3T0YM9, unha vez examinada a solicitude recibida e o CV do candidato presentado, así como o informe de data 10/04/2023 da xefa do Servizo de Igualdade, emite unha proposta de nomeamento de Don Julian Alcayde Díaz, en comisión de servizos, no posto de conserxe do CIM do Servizo Igualdade e Diversidade (ref. posto 1528).

Terceira.- Cabe indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicidade dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Por tanto, considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de conserxe do CIM do Servizo Igualdade e Diversidade (ref. posto 1528) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Igualdade, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

do Empregado Público, o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o art. 30 do Decreto da Xunta de Galicia 151/2022, do 4 de agosto e demais normas concordantes, así como que o funcionario proposto reúne os requisitos establecidos na RPT en vigor, procede destinar a Don Julian Alcayde Díaz, en comisión de servizos, ao posto de traballo de conserxe do CIM do Servizo Igualdade e Diversidade, referenciado co número 1528 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 15/08/2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse, respetando os límites máximos establecidos na normativa vixente, ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
Igualdade	IG1100	Cent. E Prog. IG	1528	Conserxe CIM	AP	14	AX/AE	FR01 TC AP1

Quinta. O posto de orixe de Don Julian Alcayde Díaz, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Cult. M. Hist.	CM6100	Exp. e Coleccións	Axud. Montaxes	335	AP	12	AE	FR03 TC

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 231 do orzamento prorrogado ao ano 2023, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1.- Destinar a Don Julián Alcayde Díaz (DNI ***6033**), en comisión de servizos, ao posto de conserxe do CIM do Servizo de Igualdade número 1528 da RPT. As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
Igualdade	IG1100	Cent. E Prog. IG	1528	Conserxe CIM	AP	14	AX/AE	FR01 TC AP1

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 15/08/2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse, respetando os límites máximos establecidos na normativa vixente, ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución ao interesado e á Directora da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas